

## CERTIFICADO DE SECRETARÍA

M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal., do Excmo. Concello da Estrada, **CERTIFICO** que, con data 18 de decembro de 2017 e correccións realizadas na sesión do 27 de decembro de 2017, foi adoptado pola Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

*“Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 27/11/2017, en relación co asunto que se trata de seguido.*

*Visto o expediente tramitado para a contratación do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada (SARA) para o servizo de “APOIO Á COORDINACIÓN, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMIENTO E MONITORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE 2020 (AESS 2020).*

*Visto que dentro do prazo concedido presentaron ofertas:*

*- Ao lote 1 Para a prestación dos servizos de apoio á coordinación, xestión, control, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI) “ as seguintes empresas:*

- REGIO PLUS CONSULTING S.L.
- RED 2 RED CONSULTORES.,
- IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU,

*- Ao lote 2 Para a prestación de servizos de apoio técnico na definición e o desenvolvemento das actividades e proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (DUSI) as seguintes empresas:*

- IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU.
- EVERIS INGENIERÍA S.L.U.

*Visto que todas as empresas presentaron correctamente a documentación requirida no sobre A.*

*Vistas as proposicións formuladas por todos os licitadores.*

*Visto o Ditame de clasificación de ofertas da Mesa de Contratación, e a consecuente proposición para que esta alcaldía realizara Proposta de Adxudicación.*

*Visto que, tanto para o LOTE 1 como para o LOTE 2, A empresa IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU., foi a que obtivo maior puntuacion.*

*Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5% do importe da adxudicación excluído o IVE., para os dous lotes.*

*Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de 15 de xuño de 2015.*

*Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 04/12/2017.*

*Visto o documento contable “RC” 2017008949.*

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

*Primeiro.-Aprobar a adxudicación de:*

*- Lote 1: Denominado: SERVIZO DE APOIO Á COORDINACIÓN, XESTIÓN, CONTROL, SEGUIMENTO E MONITORAXE DAS ACTIVIDADES DE PROXECTOS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE E INTEGRADO (DUSI) "A ESTRADA SOCIAL E SUSTENTABLE 2020" á Empresa IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU por importe de 229.900,00 euros (IVE incluído), con arranxo aos pregos e á súa oferta.*

*- Lote 2: Denominado: SERVIZO DE APOIO TÉCNICO NA DEFINICIÓN E O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE E INTEGRADO (DUSI) "A ESTRADA SOCIAL E SUSTENTABLE 2020" á empresa IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE SAU por importe de 235.950,00 euros (IVE incluído), con arranxo aos pregos e á súa oferta*

*Segundo.-Notifíquese o presente Acordo aos licitadores candidatos e, unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación, requirirase ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento."*

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde.

O Alcalde,

A Secretaria acctal.,

(documento asinado dixitalmente á marxe)